

# CIRCULAR 251

INFORMATIVA DO  
COLEXIO OFICIAL DE  
PSICOLOXÍA DE GALICIA

NOVEMBRO / DECEMBRO 2014

1980 2015  
35 anos medrando  
coa profesión

## XUNTA DE GOBERNO



**Mª Rosa Álvarez Prada**

Decana



**Hipólito Puente Carracedo**

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Responsable da Páxina Web



**Concepción Fernández Fernández**

Secretaria



**Mª Concepción Prado Álvarez**

Vicesecretaria / Responsable de Emprego / Responsable do Fondo Bibliográfico e Psicométrico



**Miguel Ángel Chouza Ponte**

Tesoureiro / Responsable de Servizos Colexiais e de Formación



**José Luis Domínguez Rey**

Vogal / Responsable da Circular Informativa / Correspondente de Infocop e Coordinador coa Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións



**Olegaria Mosqueda Bueno**

Vogal / Coordinadora coa Sección de Psicoloxía Educativa



**Ana Isabel Martínez Arranz**

Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)



**Evangelina Muíño Gómez**

Vogal / Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade



**José Manuel Oreiro Blanco**

Vogal / Responsable de Cadernos de Psicoloxía e Coordinador coas Seccións de Psicoloxía da Intervención Social e Xurídica



**Concepción Rodríguez Pérez**

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero / Responsable de Dinámica Sociocultural



**Víctor Manuel Torrado Oubiña**

Vogal / Coordinador coa Sección de Psicoloxía e Saúde



**Marta Rivas Rodríguez**

Vogal / Coordinadora coa Comisión de Ética e Deontoloxía

### PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a N° 252 de xaneiro/febreiro de 2015,  
e sairá a principios do mes de marzo de 2015.  
A información terá que ser remitida como data límite  
o 15 de febreiro.

## ÍNDICE

- 4 Información Xeral
- 12 Información das Seccións
- 17 Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)
- 19 Grupo de Tráfico e Seguridade
- 20 Comisión de Ética e Deontoloxía
- 23 Últimos Colexiados e Colexiadas de Galicia
- 23 Cursos, Xornadas e Congresos

## AVISOS

### Renovación carnés

Se o teu carné está caducado ou caduca en breve, solicita a súa renovación na Administración do Colexio, por teléfono ou por e-mail.

## Editorial

---

### 35 anos medrando coa profesión 1980-2015

Emprendemos o 2015 cun lema ilusionante, significativo e que nos dá afouteza como institución: «35 anos medrando coa profesión 1980-2015». Celebrar un aniversario profesional no actual momento histórico, no que están a desaparecer a diario organismos, institucións e iniciativas persoais, ou quedan minguadas por falta de financiamento, é xa digno de congratulación. Pero poder celebralo medrando é para dar un golpe na mesa e alzar a voz lembrando á sociedade que a profesión e a súa defensa están vivas e con moito camiño por andar.

Completamente distinta é a situación desde que o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia comezara a súa andaina, alá polo ano 1980, con 133 persoas colexiadas e como unha delegación. Hoxe somos 2.870 os e as que formamos parte desta gran e consolidada familia profesional, constituída en colexio autónomo desde 2001.

Todos e todas somos coñecedores de que desde un punto de vista histórico o exercicio da Psicoloxía é recente, pero malia ser así, nas últimas décadas conseguiu situarse como unha actividade titulada e regulada.

O COPG pretendeu e pretende ser engrenaxe da profesión, vi-xiando o seu exercicio e velando porque o seu cumprimento sexa estrito desde o punto de vista da ética e da deontoloxía. Promover e preservar os principios de equidade, integridade e excelencia, reforzando continuamente a nosa responsabilidade beneficia tanto á profesión como ao conxunto da sociedade. Trinta e cinco anos de loita polos avances, entre os que tamén adquire un papel destacado a igualdade, pola que pelexamos desde todos os eidos posibles, incluíndo as cuestións formais. Mostra disto foi o cambio do noso nome en 2008 por Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, para que non fose discriminatorio.

Nestas tres décadas e media fixemos o posible por prestar un servizo coas máximas garantías de seguridade, eficiencia, eficacia e esixencia deontolóxica. A psicoloxía afecta a áreas extraordinariamente sensibles da saúde, da educación, da seguridade, da protección e do coidado das persoas, e unha mala praxe pode ter unha repercusión directa e irreversible sobre a integridade física ou sobre a saúde; en definitiva, sobre o benestar do ser humano.

É para nós reconfortante ver como dá froitos o noso traballo por posicionar a Psicoloxía no lugar que merece en todos os ámbitos (Educativo, Sanitario, Social, Xurídico, Traballo, etc.) a través, nun principio, das diferentes Xuntas Reitoras e, posteriormente, das Xuntas de Goberno e das Directivas das Seccións, Comisións e Grupos de Traballo do COPG.

Traballamos unidos e unidas, nun momento no que as fraquezas do sistema fan retumbar a sociedade, cun nivel de desemprego moi elevado e o aumento das desigualdades.

Neste aniversario non podemos deixar de agradecer publicamente a cada unha das persoas que co seu esforzo, a súa implicación e a súa constancia ao longo destes anos teñen colaborado co Colexio desinteresadamente, sen outra vontade que a de conseguir que a Psicoloxía sexa digna e útil socialmente. Queremos aproveitar esta oportunidade para repasar a nosa intensa historia colexial, que constitúe os cimentos sobre os que construímos o noso día a día. Porque para seguir construíndo o futuro temos que coñecer o pasado.

## AVISOS

---

### **Títulos de Licenciatura en Psicoloxía**

Lembrámoslle a todas as persoas que se colexiaron co depósito do título de Licenciatura e que aínda non presentaron o título orixinal, que deberán facelo á maior brevidade posible para o seu rexistro.

Deberán traer orixinal e copia, ou enviar unha fotocopia compulsada para archivar no seu expediente colexial.

## Relacións institucionais

---

O 3 de novembro, a decana do COPG, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, acudiu á reunión do Pleno do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela.

---

Concepción Fernández Fernández, secretaria do COPG, participou no acto inaugural da V Edición do Máster en Mediación, celebrado o 7 de novembro en Santiago de Compostela e organizado pola Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela.

---

M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, decana do COPG, asistiu o 24 de novembro á reunión do Pleno da Xunta Directiva de Unión Profesional de Galicia celebrada en Santiago de Compostela.

---

A decana do COPG, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, acompañada do tesoureiro do COPG, Miguel A. Chouza Ponte, mantivo os días 26 de novembro e 17 de decembro senllas reunións coa Directora Xeral de Familia e Inclusión da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, M<sup>a</sup> Amparo González Méndez, para tratar sobre a renovación para 2015 dos convenios de mediación intraxudicial.

---

M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, decana do COPG, participou no acto inaugural do Máster en Avaliación e Intervención Psicopedagóxicas nos trastornos do Desenvolvemento e Atención Temperá, celebrado o 5 de decembro en Santiago de Compostela e organizado pola Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.



Concepción Fernández



Miguel A. Chouza Ponte

---

A decana do COPG, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, acudiu acompañada de José Carlos Cardama Barrientos, membro do Grupo de Traballo de Atención Temperá do COPG, a unha xuntanza coa Secretaría Xeral de Política Social da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, que se desenvolveu o 18 de decembro e no que trataron da situación da atención temperá en Galicia.

---



M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada

## En representación do Colexio

---

A decana, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, asistiu ao acto de entrega do Premio María Josefa Wonenburger Planells, organizado pola Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e celebrado en Santiago de Compostela o 3 de novembro.

---

A decana, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, asistiu á Conferencia-Coloquio «A mediación no sistema xudicial: Aspectos ideolóxicos e organizativos», celebrado en Santiago de Compostela o 5 de novembro e organizado por Unión Profesional de Galicia, da que o COPG forma parte.

---

O 21 de novembro a decana do Colexio Oficial de Psicoloxía e Galicia, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, asistiu en Santiago de Compostela á Xornada «A incidencia nos menores da violencia no contorno familiar», organizada polo Valedor do Pobo, o Parlamento de Galicia e a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia.

---

Luisa M<sup>a</sup> Blanco Caramés, membro da Sección de Psicoloxía e Saúde, asistiu o 26 de novembro en representación do COPG á xuntanza de constitución da Comisión Galega de Coordinación e Seguimento da Actividade fronte ao VIH/SIDA e outras infeccións de transmisión sexual (ITS), da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

## AVISOS

---

Aquelas persoas colexiadas que teñan inquietudes relacionadas coa fotografía, pintura ou escultura, teñen á súa disposición a sede colexial para expoñer as súas obras.

As persoas interesadas a tal efecto poden contactar coa Administración do Colexio.

---

A secretaria do COPG, Concepción Fernández Fernández, participou no II Congreso Internacional de Intervención e Prevención da Violencia de Xénero, organizado polo Concello de Santiago de Compostela, que se desenvolveu do 27 ao 29 de novembro en Santiago de Compostela.

---



Rubén Villar Trencó

O coordinador do Programa «Abramos o Círculo», Rubén Villar Trencó, participou o 28 de novembro nunha mesa redonda sobre «Violencia de xénero, homes e masculinidades», organizada polo Centro de Saúde de Burela (Lugo).

---

M<sup>a</sup> Leonor Galiana Caballero, membro da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, acudiu o 17 de decembro á sesión do Consello Galego de Benestar Social da Secretaría Xeral de Política Social da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

---

## O COPG e o Consejo General de la Psicología

---



Xavier Sardiña Agra

O presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, Xavier Sardiña Agra, asistiu á reunión da Área de Psicoloxía Clínica do Consejo General de la Psicología, que se celebrou o 8 de novembro en Madrid.

---

Alicia Carballal Fernández e M<sup>a</sup> José Carreira Vidal, membros da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, asistiron en representación do mesmo o día 7 de novembro ao acto de presentación do documento de conclusións da Xornada sobre Psicoloxía Clínica en Atención Primaria de 2013, organizado polo Consejo General de la Psicología celebrado en Madrid.

---

A presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M<sup>a</sup> Jesús López Cernadas, asistiu á reunión da Área de Psicoloxía da Intervención Social do Consejo General de la Psicología, celebrada en Madrid o 8 de novembro. Á devandita reunión tamén acudiu a decana do COPG, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, en calidade de convidada da Área.

---



M<sup>a</sup> Jesús López Cernadas

---

A presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M<sup>a</sup> Jesús López Cernadas, asistiu ás «II Xornadas Nacionais de Psicoloxía e Envellecemento» e á posterior reunión do Grupo de Traballo de Psicoloxía do Envellecemento do Consejo General de la Psicología. As devanditas actividades desenvolveéronse en Barcelona do 27 ao 29 de novembro.

---

---

A decana do COPG, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, asistiu ás «VI Xornadas Nacionais de Psicoloxía contra a Violencia de Xénero» e á posterior reunión do Grupo de Traballo de Psicoloxía e Igualdade de Xénero do Consejo General de COP. Ambas actividades celebráronse en Logroño (A Rioxa) os días 28 e 29 de novembro.

---

---

A decana do COPG, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, asistiu á reunión da Junta de Gobierno do Consejo General de la Psicología, que se celebrou os días 12 e 13 de decembro, así como ás reunións de Junta General Ordinaria e Extraordinaria do Consejo General de la Psicología celebradas o 13 de decembro en Madrid.

---

## Asemblea Xeral de colexiados e colexiadas

---

O 2 de decembro celebrouse sesión ordinaria da Asemblea Xeral de Colexiadas e Colexiados do COPG. Na xuntanza presentouse o informe de actividades levadas a cabo pola Comisión de Ética e Deontoloxía en 2014 así como a renovación dun membro da devandita Comisión. Na Asemblea tamén se aprobaron os orzamentos do COPG para 2015.



Momento da Asemblea



## AVISOS

---

### Registro de psicólogos/as especialistas en Psicología Clínica

O COPG creou un rexistro de psicólogos/as especialistas en Psicología Clínica para dar cumprimento ao estipulado no Real Decreto que crea e regula a Especialidade de Psicología Clínica (Real Decreto 2490/1998 do 20 de novembro) e da Lei de Ordenación das Profesións Sanitarias (Lei 44/2003 de 21 de novembro).

Todas aquelas persoas colexiadas que teñades acadado esta titulación do Ministerio e aínda non o presentastes no COPG, tedes que achegar unha copia compulsada do título de especialista para incorporala ao voso expediente e quedar debidamente anotado no citado rexistro de especialistas. Para máis información contactar coa administración do COPG.

## Grupo de Traballo de Atención Temperá do COPG

---

A Xunta de Goberno do COPG acordou crear un Grupo de Traballo para estudar e valorar a situación da Atención Temperá na nosa Comunidade ao abeiro da nova lexislación que regula a actuación integral en Galicia; tanto no modelo de intervención como na situación das e dos profesionais da Psicología que a desenvolven. Este Grupo de Traballo, que está coordinado por Olegaria Mosqueda Bueno, vogal da Xunta de Goberno do COPG, está composto por:

**M<sup>a</sup> José Fares Varela**, Sección de Psicología da Intervención Social,  
**Manuela del Palacio García**, Sección de Psicología Educativa,  
**Xavier Sardiña Agra**, Sección de Psicología e Saúde,  
**José Carlos Cardama Barrientos** e **M<sup>a</sup> Luisa Pendás Sánchez**,  
profesionais expertos en Atención Temperá.

O Grupo tense reunido en dúas ocasións: o 18 de novembro e o 9 de decembro de 2014.

---

## Renovación de membros da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG

---

Concepción González Poza, colexiada G-1440, cesou como Secretaria da Comisión de Ética e Deontoloxía por cumprimento do período de pertenza á mesma, segundo os Estatutos do COPG.

Na Asemblea Xeral de colexiados e colexiadas do COPG celebrada o 2 decembro de 2014 aprobouse o nomeamento de Irene Martínez Montero, colexiada G-2957, como nova vogal da Comisión de Ética e Deontoloxía do Colexio e tamén se acordou que M<sup>a</sup> José López Torrón deixe de ser vogal da Comisión para pasar a ser a Secretaria da mesma.

A Xunta de Goberno manifesta o seu agradecemento polo labor exercido ao membro saínte e os seus parabéns polo nomeamento da vogal entrante da Comisión.

## Entrega de premios do VII Concurso Literario do COPG «Rosa de Cen Follas»

---



Momentos da entrega de premios e do acto

O 2 de decembro na sede do COPG tivo lugar a entrega de premios do VII Concurso Literario do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia «Rosa de Cen Follas».

A decana, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, o vicedecano do COPG, Hipólito Puente Carracedo, e a coordinadora da Comisión de Cultura do COPG e vogal da Xunta de Goberno, Concha Rodríguez Pérez, fixeron entrega dos galardóns ás persoas gañadoras desta edición, Ramón Sandoval Pérez na modalidade de poesía e Raquel Couto Antelo na modalidade de narrativa.

---

## Conferencia «Desigualdade por razón de Orientación Sexual e Identidade de Xénero, Homofobia e Transfobia»

---

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia organizou conxuntamente coa Facultade de Psicoloxía da USC a conferencia «Desigualdade por razón de orientación sexual e identidade de xénero, homofobia e transfobia» celebrada o 5 de novembro no salón de actos da Facultade. A profesional especialista encargada de impartila foi a fiscal contra a Violencia de Xénero de Madrid, Teresa Peramato Martín.

Esta actividade formou parte dos actos previstos polo COPG para conmemorar o 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller.



De esquerda a dereita:  
Teresa Peramato Martín  
e M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada

## IV Velada Literaria

### «Vozes Contra a Violencia»

---

#### AVISOS E ANUNCIOS

---

Este é un espazo gratuíto reservado para que os colexiados e colexiadas poidan inserir anuncios por palabras, sobre alugueiro, compra-venda, ou para compartir despachos profesionais.

❑ Os anuncios enviaranse á Administración do COPG antes do día 15 de cada mes par.

❑ O número máximo de palabras por cada anuncio será de 50.

❑ Para calquera información consultar coa Administración do COPG.

Exemplo: «Alúgase despacho de psicoloxía a tempo parcial ou completo de 20 m<sup>2</sup> na Rúa Santa Margarita, 35. Santiago de Compostela. Tfno.: 981 000 000».

O COPG celebrou o 22 de novembro o IV Encontro de «Vozes Contra a Violencia», organizado pola Comisión de Xénero do Colexio. Esta velada tivo lugar na sala Ultramarinos de Santiago de Compostela, e alí oíronse diversas voces poéticas, musicais e artísticas.

---

#### Medios de comunicación

---

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicados pode ser consultada nos seguintes enlaces da páxina web do Colexio: <http://copg.copgalicia.org/comunicacion/prensa> e <http://copg.copgalicia.org/comunicacion/o-copg-nos-medios>. O COPG xa está presente nas principais redes sociais. De seguido se reproducen os enlaces de acceso ás mesmas:

**f Facebook:** <http://www.facebook.com/copgalicia>

**t Twitter:** [www.twitter.com/copgalicia](http://www.twitter.com/copgalicia) / @copgalicia

**in LinkedIn:** <http://www.linkedin.com/groups/Colexio-Oficial-Psicolox%C3%ADa-Galicia-4811703/about>

#### Colexiación obrigatoria

---

De acordo coa normativa vixente, a colexiación é obrigatoria para o exercicio da profesión, e en consecuencia as persoas que non estean colexiadas non poderán exercer como psicólogos e psicólogas.


## INFORMACIÓN DAS SECCIÓN

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión* ou *Grupo de Traballo* do COPG tendo como data límite o 15 de cada mes par.

### SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

#### XIX Xornadas da Sección

O pasado 14 e 15 de novembro celebráronse no Pazo da Cultura de Pontevedra as **XIX Xornadas de Psicoloxía e Saúde do COPG «Xénero e identidade: Olladas desde a clínica»**. Cun total de 140 participantes, entre profesionais e estudantes, tivemos oportunidade de reflexionar e aprender sobre temas como o xénero visto como unha construción social, o afrontamento e os cuidados na enfermidade, a transexualidade e a igualdade. No marco das xornadas fíxose entrega do premio á mellor comunicación presentada a **M<sup>a</sup> Aránzazu García da Silva**, colexiada nº **G-3294**, e o premio ao mellor póster, presentado a **Ana Novoa Rodríguez**, colexiada nº **G-4170**. Aproveitamos este encontro para presentar o sétimo **Anuario da Sección de Psicoloxía e Saúde**, que podedes descargar todos os membros da Sección desde a web do Colexio a través do enlace: <http://copg.copgalicia.org/secciones/psicologia-e-saude/publicacions>.



Momento da inauguración das Xornadas



Momento das Xornadas

#### Formación prevista

Desde a Sección de Psicoloxía e Saúde estamos a traballar nas propostas de formación para o novo ano.

Dado o interese mostrado polos colexiados e colexiadas pretendemos reeditar no mes de maio o Curso «Apego e psicoterapia», impartido por **Elena Rodríguez Borrajo**, directora do gabinete

de psicoloxía Alén (A Coruña), así como propoñervos formación sobre terapia de parella (prevista para o mes de abril de 2015) e sobre temas como o tratamento dos trastornos alimentarios. O **Grupo de Traballo de Neuropsicoloxía**, ten previsto tamén continuar ofrecendo formación e desde a Sección, como sempre, animámosvos a que nos enviades as vosas suxestións sobre temas que sexa do voso interese.

### Lexislación

Lémbrase a obriga de **inscribirse como acreditados para o exercicio de actividades sanitarias no Rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios**, de acordo ao regulado na disposición adicional sexta da **Lei 5/2011, de 29 de marzo, de Economía Social**, a todas aquelas persoas que realizan actividades sanitarias e/ou traballan en centros sanitarios. Asemade, lémbrese tamén a todas as colexiadas e colexiados con consultas propias dedicadas á área de psicoloxía sanitaria, a **obriga de inscribir as súas consultas no mencionado rexistro**.

*Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía e Saúde da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/secciones/psicologia-e-saude>*

## SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA

O pasado 7 de novembro levouse a cabo na sede do COPG o **Obradoiro «Intervención en situacións críticas no contexto educativo»**. Coordinado por **Concepción López Martín**, foi impartido por **Julita Mª Touriño Araújo** e **Leonor Galiana Caballero**, todas elas psicólogas membros do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG.



Momento do obradoiro



De esquerda a dereita: Julita Mª Touriño, Concepción López e Leonor Galiana

O obxectivo do obradoiro foi adquirir a aprendizaxe do que debemos facer e como intervir nun incidente crítico dentro dun centro educativo, coa finalidade de dar a resposta máis axeitada posible aos/ás menores, as súas familias, ao profesorado e ao persoal non docente.

Tratouse dun obradoiro eminentemente práctico, empregando unha metodoloxía activa e participativa a través de dinámicas de grupo para o estudo e debate dos supostos presentados.

*Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía Educativa da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/secciones/educativa>*

## SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

### Avaliación de persoas en contextos laborais: Sesión técnica

O pasado 22 de novembro tivo lugar na sede colexial a **Sesión técnica «A Norma UNE-ISO 10667, unha oportunidade...»**.

A sesión organizada pola Sección e dirixida a todos os colexiados e colexiadas interesados/as na avaliación de persoas, tivo como obxectivo facilitar información e xerar un debate sobre a implantación da Norma e o seu desenvolvemento nos procesos de avaliación de persoas nas organizacións.

A sesión abriuse coa presentación da Norma a cargo de **José Luís Domínguez Rey**, coordinador da Sección de PTO, sinalando os obxectivos, as achegas da Norma ISO 10667 e as súas implicacións na práctica profesional.



De esquerda a dereita: Luis Barbero e José Luís Domínguez



Momento da sesión técnica

O desenvolvemento dos aspectos técnicos e prácticos da sesión contaron coa intervención de **Luis Barbero Hernández**, director de Management Information Spain-Qfor e consultor de Azimut Management, o cal expuxo en termo de normalización e calidade nas actividades dos RR.HH. as distintas fases da implantación da Norma, os seus procedementos e regras, así como as obrigas e responsabilidades que implica ao longo do proceso avaliativo no ámbito do traballo.

O relator, unha vez detallada a estrutura da Norma, finalizou a sesión con casos prácticos e un debate sobre o seu impacto e as súas repercusións no ámbito da práctica profesional nas organizacións.

### **Curso: Convocatorias de corpos de seguridade**

A través de formación presencial e teleformación celebrouse desde o 20 de outubro ata o 24 de novembro o **Curso «Selección de persoal: Convocatorias de corpos de seguridade»**, onde se impartiron contidos sobre normativas, perfís profesionais, probas psicotécnicas, sistemas de avaliación, protocolos e elaboración de informes que os e as profesionais deben coñecer e usar nos procesos de selección pertinentes.

O curso contou cos docentes, **Pilar del Pueblo López**, consultora de RR.HH. e asesora técnica de tribunais de oposición da Comunidade Valenciana e secretaria da División de PTORH e **Concepción Prado Álvarez**, vogal da Sección de PTO, responsable de emprego do COPG e experta en selección, formación e orientación profesional.

*Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións da páxina web do COPG:*  
<http://copg.copgalicia.org/seccions/traballo-e-das-organizacions>



Momento do curso

---

## SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA

---

### Formación

O sábado 13 de decembro tiveron lugar as **Xornadas «Avaliación e defensa da base psicopatolóxica da imputabilidade»**. Impartidas polo doutor en psicoloxía e médico especialista en medicina legal-forense en Madrid, **Enrique Esbec Rodríguez**, o seu obxectivo foi dar a coñecer aos asistentes a relación entre os trastornos mentais e a delincuencia, especialmente a violenta.

As persoas asistentes traballaron co concepto de imputabilidade e valoración e os eidos da xurisprudencia e a defensa no xuízo oral. Posteriormente ás xornadas, a Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG celebrou a súa Asemblea Xeral de Socios e Socias.



Asistentes ás xornadas xunto con Enrique Esbec (á dereita)

### Informacións

Entre o 23 e o 25 de outubro celebrouse con alto éxito o VIII Congreso (Inter)Nacional de Psicoloxía Xurídica e Forense. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia colaborou na organización dunha mesa de expertos sobre o bo trato ao menor. Máis información no enlace [www.usc.es/congresos/congresosepjf/](http://www.usc.es/congresos/congresosepjf/).

Coincidindo coa celebración do congreso tivo lugar o sábado 25 de outubro a Reunión Estatal da Área de Psicoloxía Xurídica, na que se informou fundamentalmente sobre o momento actual da División de Psicoloxía Xurídica, que se atopa en período electoral, abríndose o prazo de presentación de candidaturas o pasado 9 de decembro.

*Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía Xurídica da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/seccions/xuridica>*



**GRUPO DE  
INTERVENCIÓN  
PSICOLÓGICA EN  
CATÁSTROFES E  
EMERXENCIAS  
(GIPCE)**

**Formación interna**

- O 7 de novembro, **Julita Mª Touriño Araujo** e **Leonor Galiana Caballero**, ambas membros do GIPCE, impartiron un **obradoiro sobre a intervención en situacións críticas en contextos educativos**, organizado pola Sección de Psicoloxía Educativa do COPG.
- Impartido por **Mª Paz García Vera**, Catedrática do Departamento de Psicoloxía Clínica da Universidad de Complutense de Madrid, celebrouse o 28 de novembro o **Seminario «Consecuencias psicológicas en vítimas de desastres»**, dirixido a todos os Colexiados e Colexiadas. Analizáronse as posibles consecuencias psicológicas que poden presentar as vítimas dun desastre e déronse a coñecer as técnicas psicológicas máis eficaces nas intervencións con vítimas de desastres.



Momento do seminario «Consecuencias psicológicas en vítimas de desastres»



Momento da Xornada de intervención multidisciplinar no accidente do tren Alvia

- O 29 de marzo tivo lugar a **Xornada de intervención multidisciplinar no accidente do tren Alvia**. Coordinada por **Julita Mª Touriño Araújo** e **Mª Carmen González Hermo**, ambas membros do GIPCE, contou coa presenza de diferentes representantes dos distintos equipos de intervención: **Mª Ángeles Botas Piñón**, xefa da Sección de Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela; **Laura Cerviño Trillo**, responsable ERIES Galicia, Cruz Vermella; **José Gil de Bernabé Sánchez**, subdirector xeral de Planificación e Protección Civil na Xunta de Galicia; **Vicente Ángel Riveiros Otero**, inspector xefe do Corpo Nacional de Policía; **Beatriz Otero Abadín**, directora do Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA).

## Formación externa

■ Os días 14 e 15 de novembro celebráronse en Málaga as I Xornadas internacionais de suicidio. En representación do GIPCE asistiron **M<sup>a</sup> del Carmen Patiño García** e **Ana M<sup>a</sup> Núñez Rubines**, ambas membros da Coordinadora do Grupo. Presentaron unha comunicación sobre un caso de suicidio no que interviu o GIPCE, baixo o título «**Recursos de intervención psicolóxica a familiares en casos de suicidio. A propósito dun caso**».

## Informacións

■ Desde a Coordinadora do GIPCE acórdase crear tres novos grupos de traballo:

### 1. Grupo de Traballo para Plans de Emerxencia Exterior.

Estará formado por aqueles/as GIPCEs que xa figuran como representantes nas distintas provincias. Neste momento se están a elaborar os manuais do Grupo sanitario de tres PEE distintos: Depósitos de Lodos Vermellos en Alcoa en Xove (Lugo), FORESA-Vilagarcía e FORESA-Caldas en Pontevedra. Neste último celebrouse un simulacro o 16 de decembro e tamén se participou nunha reunión do Comité de Autoprotección Externo do aeroporto de Vigo o 17 de decembro.

### 2. Grupo de Traballo para Plan de Emerxencias Interno.

O seu cometido será o de revisar e actualizar o PEI ao detectado tras a intervención no accidente de tren Alvia. Será coordinado por **Isabel Vázquez Prado**, membro da Coordinadora do GIPCE.

### 3. Grupo de Traballo encargado de elaborar Material de Intervención.

Terá como funcións: Revisar a ficha de triaxe, elaborar a ficha de filiación e actualizar o protocolo de activación. Será coordinado por **Julita M<sup>a</sup> Touriño Arújo**, membro da Coordinadora do GIPCE.

■ O día 1 de decembro a coordinadora do GIPCE, Ana Isabel Martínez Arranz, tivo unha xuntanza coa responsable de formación da Policía na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) de cara a concretar a formación a impartir no ano 2015.



Momento das xornadas

*Enlace ao apartado do GIPCE da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/grupos-comisions/gipce>*

## GRUPO DE TRÁFICO E SEGURIDADE



Momento da sesión formativa

*Enlace ao apartado do Grupo de Tráfico e Seguridade da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/grupos-comisions/trafico-e-seguridade>*

### Reunión do grupo

O pasado 25 de outubro celebrouse a última reunión do Grupo para este ano 2014. Aproveitando a ocasión desenvolveuse a **Sesión formativa «Mindfulness: Consciencia plena na intervención psicolóxica»**, impartida por **Francisco Javier Elcarte López**, psicólogo y psicoterapeuta, director e membro fundador do Centro de psicoloxía da saúde e biofeedback VITALIZA (Navarra).

### Informacións

■ Continúase co apoio da Consellería de Xustiza en 2014 para os programas: **Xornadas de concienciación e Psicovial**, en función das necesidades das Unidades de Medidas Alternativas, coa salvedade do cambio dun mes a dous no caso das Xornadas de concienciación. Neste momento lévanse desenvolto as seguintes intervencións:

- **Grupo de Ferrol**, desenvolto durante os meses de setembro a outubro e coordinado por **Eduardo Anoeta Rodríguez, Paula Pereira Rodríguez, Begoña Blanco Blanco e Juan Bonome Rodal**, membros do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG.
- **Grupo de Pontevedra**, desenvolto nos meses de outubro a novembro e coordinado por **Mª Luz Mosquera Mejuto, Gumersinda Cao Míguez, Diego Antelo Guerra e Mª Esther Caamaño Silva** e participando como observadora **Sandra Carrasco Couselo**.
- **Grupo de Santiago de Compostela**, o cal aínda está en marcha e que está coordinado por **María Mariño Barca, Teresa Antelo Silva, Eva Muíño Gómez** e participando como observador **Diego Lorenzo Torres**.
- **Programa Psicovial**. Deu comezo a finais de setembro en Ourense e continuará ata xuño de 2015. Está sendo coordinado por **Mª Jesús Sánchez Peteiro e Eva Muíño Gómez** e participando como observadores **Sandra Sesto Vilariño e José Lamas López**.
- O Grupo continúa co préstamo de instrumentos de avaliación do listado do Grupo de Tráfico e da Seguridade para o que se habilitou o seguinte enderezo de correo electrónico [grupotrafico@cop.es](mailto:grupotrafico@cop.es). A través deste correo electrónico todos os membros do Grupo poden solicitar o seu uso para facer un mínimo de 2 pases, devolvendo cuberta a ficha de avaliación.
- Indicamos que a vindeira reunión do Grupo terá lugar o 23 de maio de 2015.

## Uso dos tests (I Parte)

Os tests constitúen unha das tecnoloxías máis usadas polos psicólogos e psicólogas no exercicio da súa profesión. A utilización ética e deontolóxica destes require, por un lado, instrumentos de medida que teñan unhas propiedades psicométricas axeitadas e por outro, que os/as profesionais teñan a preparación técnica indicada para o seu uso. Dada a diversificación da especialización da formación, non todos os/as profesionais da psicoloxía están igualmente cualificados en todas as áreas, enfrontándose en ocasións a praxes inadecuadas. O noso Código Deontolóxico no artigo 6 establece noutros os principios: «sentido de responsabilidade, honestidade, sinceridade para cos clientes, prudencia na aplicación de instrumentos e técnicas, competencia profesional, solidez da fundamentación obxectiva e científica das súas intervencións profesionais». No artigo 17 esixe o recoñecemento dos seus límites da súa competencia e as limitacións das súas técnicas; estará profesionalmente preparado e especializado na utilización de métodos, instrumentos, técnicas e procedementos que adopte no seu traballo. Forma parte do seu traballo o esforzo continuado de actualización da súa competencia profesional. O artigo 18 remarca que non utilizará medios ou procedementos que non se atopen suficientemente contrastados; no caso de investigacións para poñer a proba técnicas ou instrumentos novos, non contrastados, fará sabelo aos seus clientes antes da súa utilización.

Por outro lado, a realidade mostra os flagrantes incumprimentos e abusos que se contemplan pasivamente en moitas ocasións en relación ao uso dos tests: destacar o uso por persoas que non posúen a formación específica para elo; atendendo ao artigo 19. «Todo tipo de material estritamente psicolóxico, tanto de avaliación, canto de intervención ou tratamento, queda reservado ao uso dos/as psicólogos/as, quen por outra parte absteranse de facilitalos a outras persoas non competentes. Os/As psicólogos/as xestionarán ou no seu caso garantirán a debida custodia dos documentos psicolóxicos». Referente á conservación dos rexistros nas institucións, por un lado poden resultar moi valiosos os rexistros lonxitudinais; se ben por outro lado, fai posible que se cometan abusos como as interferencias incorrectas de datos

COMISIÓN DE  
ÉTICA E  
DEONTOLOXÍA



obsoletos ou o acceso non autorizado para propósitos diferentes da avaliación orixinal. En base ao artigo 46: «Os rexistros escritos e electrónicos de datos psicolóxicos, entrevistas e resultados de probas, se son conservados durante certo tempo, serán baixo a responsabilidade persoa do/a psicólogo/a en condicións de seguridade e segredo que impidan o acceso a eles de persoas alleas».

Asegurar unha almacenaxe segura implica protexer a integridade dos tests, non adestrando ás persoas cos propios materiais ou con outros que poden influír de forma inapropiada no rendemento dos tests.

(Continuará na próxima Circular).

*Enlace ao apartado da Comisión de Ética e Deontoloxía da páxina web do COPG:*

*<http://copg.copgalicia.org/grupos-comisions/comision-de-etica-e-deontoloxia>*

Véxase o número monográfico dedicado ao tema «A opinión dos psicólogos españois sobre o uso dos tests», na revista *Papeles del Psicólogo* 2010. Vol. 31 (1), pp. 108-121.

Mención de interese: [www.cop.es](http://www.cop.es) (Consejo General de la Psicología. Comisión de Test).



## XURÍDICA

**Dona Cecilia Barros Díaz**

Tfno.: 981 894 601

[Martes de 17.00 a 20.00 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas a través do enderezo de correo electrónico [a.xuridica@protexdat.com](mailto:a.xuridica@protexdat.com)



## FISCAL

**D. José Luis Iglesias Sexto**

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]

## ÚLTIMOS COLEXIADOS E COLEXIADAS DE GALICIA

|        |                 |                    |
|--------|-----------------|--------------------|
| G-5337 | Marcela Esther  | Lores González     |
| G-5338 | Carlos Xabier   | Martínez Corral    |
| G-5339 | Ana             | Moure Arias        |
| G-5340 | Rocío           | Basanta Matos      |
| G-5341 | Cristina        | Vázquez Albitos    |
| G-5342 | Aída            | Fernández Alonso   |
| G-5343 | Lucía           | Malvido Otero      |
| G-5344 | Lorena          | Alonso Fernández   |
| G-5345 | Diana           | Ageitos Pereira    |
| G-5346 | Mª Alejandra    | Dístasio Porcelli  |
| G-5347 | Patricia Isabel | Díaz Saco          |
| G-5348 | Victoria        | Argibay Nogueira   |
| G-5349 | Rocío           | Picado García      |
| G-5350 | María Elena     | Díaz Santiago      |
| G-5351 | Arantxa         | Carballo Pérez     |
| G-5352 | Marta           | de la Calle Quirós |
| G-5353 | Juan José       | Cascajo Paz        |
| G-5354 | María Isabel    | Otero Rodríguez    |
| G-5355 | Abel            | Nogueira López     |
| G-5356 | Laura           | Ingold Giacosa     |
| G-5357 | Carlos Javier   | Atanes Barreira    |
| G-5358 | Alba            | López-Leitón Veiga |
| G-5359 | Mónica          | González Blanco    |
| G-5360 | Esmeralda       | Guerra Martínez    |

## CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

**Servizo de información de interese para os colexiados e colexiadas**

*O COPG non asume –salvo nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos cursos que se relacionan nesta Circular.*

*Podedes consultar os cursos, xornadas e congresos que non son organizados polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no apartado de Formación Externa no seguinte enlace da páxina web do COPG:*

**<http://copg.copgalicia.org/actividades/externas>**

## VINDEIRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

XORNADA «NECESIDADES AFECTIVAS: DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONTEXTOS PSICOEDUCATIVOS».

*Data:* 17 de xaneiro de 2015.

*Lugar:* Salón de Actos do COPG.

*Relatora:* Meritxell Pacheco Pérez.

*Organiza e informa:* Sección de Psicoloxía Educativa do COPG.

# ESTATUTOS PARA NÓS

DOS DEREITOS E DEBERES  
DOS COLEXIADOS E COLEXIADAS

FUNCÍONS E FINS

DA ORGANIZACIÓN DO COLEXIO

DO VALEDOR DOS/AS  
COLEXIADOS/AS

DO CONSELLO SOCIAL

OBRIGATORIEDADE DE  
COLEXIACIÓN E DE INSCRICIÓN  
NO REXISTRO DE SOCIEDADES  
PROFESIONAIS

EXERCICIO PROFESIONAL

AS SECCIÓNS

DA PARTICIPACIÓN DOS/AS  
COLEXIADOS/AS

DA COMISIÓN DE  
ÉTICA E DEONTOLOXÍA

DO RÉXIME ECONÓMICO E  
ADMINISTRATIVO

DO RÉXIME DISCIPLINARIO  
E DE DISTINCIÓNS

Colexio Oficial de  
Psicoloxía de Galicia



Rúa da Espiñeira, 10-Baixo  
15706 Santiago de Compostela  
Tfno.: 981 534 049  
Fax: 981 534 983  
copgalicia@cop.es  
www.copgalicia.es

#### HORARIO

##### Inverno

De luns a xoves de 9:00 a 14:00 h  
e de 16:00 a 21:00 h, e os venres  
de 9:00 a 14:00 h

#### Redes sociais

 **Facebook:**  
[www.facebook.com/copgalicia](http://www.facebook.com/copgalicia)

 **Twitter:** @copgalicia

 **Linkedin:** [www.linkedin.com](http://www.linkedin.com)  
(Grupo: Colexio Oficial  
de Psicoloxía de Galicia)

#### Membro da EFPA

Federación Europea de  
Asociaciones Profesionales  
de Psicólogos